

DECISIÓNS COMPLICADAS... OU NON

Abofé que presentarme a ese concurso fora un acerto. Claro que hei de recoñecer que a idea non fora miña. Meu pai levaba razón cando me dicía que tiña que aprender a tomar as miñas propias decisións, que iso precisamente era madurar. Pero, como se facía iso? Como tomar unha decisión correcta? **Como tomar unha decisión?** Non sei, demasiado complicado. En canto tempo se pode tomar unha? É necesario consultar a *todomundo*? Ten que estar de acordo *todomundo*?

“*Sálvate*” non foi unha solución, nin moito menos, pero tampouco un trauma. Xa botaran dez programas na tele cando meu pai me propuxo ir:

- Decisións rápidas e con seguridade, a ser posible. É o que che cómpre! Veña, vai.

E fun. Supoño que esa fora xa unha decisión.

- E aquí temos a Ada, a nosa nova concursante. Dinos Ada, de onde vés?
- De Vigo.
- Nerviosa?
- Un pouco, sí.
- Pois tranquila, e concéntrate nas imaxes. Sabes que tes dous minutos para responder e, por suposto, darnos unha resposta razonada, breve, clara e concisa.

‘Das seguintes portas, unha mente e outra di a verdade. Cal escollerías?’

UNHA SOA DAS 2
PORTAS LEVA A
UN AVISMO SEN
FONDO

ESTA PORTA
LEVA A UN
ABISMO SEN
FONDO

- Moi ben, Ada! Imos coa segunda pregunta:

‘Ambas din a verdade ou ambas minten. Decide.’

UNHA LEVA
CARA O
TESOURO

EU NON LEVO
CARA O
TESOURO

- De acordo. E agora unha máis difícil: ‘Na novela de Don Quijote cóntasenos dunha illa na que rexía unha curiosa lei. Un garda pregunta a cada visitante:

Garda: para que vén vostede aquí?

Se o viaxeiro contesta con unha verdade todo vai ben. Pero se mente é aforcado alí mesmo.

Un día, un visitante contestou:

Visitante: veño aquí para ser aforcado!

Os gardas quedaron totalmente perplexos. Decidiron levar ao visitante a falar con Gobernador.

Cres que o Gobernador atopará algunha maneira de vulnerar a lei ou non?

Non estivera mal a miña actuación. Tres de tres. Que cres que respondín? (non esquezas argumentar as túas respostas!).